



QUE AVIÓN DE PAPEL VOA MELLOR?



AUTORAS:

- Inés Castro Feijoo
- Lara Sotelo Nogueiras
- Emma Montero Rodríguez

INTRODUCCIÓN:

Estimado xurado, neste documento presentámoslle a investigación que estamos a facer sobre o voo dos avións de papel xunto co noso profesor de física e química, Miguel.

Esta idea xurdiu a raíz do tema que se escolleu este ano para a Galiciencia que foi aeronáutica e aeroespacial. O noso profesor, o primeiro día deunos algúns exemplos de traballos relacionados con este tema. Nos decantámonos por outro traballo no que se utilizaba un túnel de vento e maquetas de avións pero non estabamos moi convencidas. Do noso curso somos dous grupos, e os nosos compañeiros comezaron facendo o de avións de papel pero un día o noso profesor dixo “que vos parece se facemos un cambio nos traballos?” e nos aceptamos. Dende ese día puxémonos a traballar buscando distintos modelos de avións en internet e facéndoos.

Á hora de pornos a experimentar e realizar lanzamentos, Miguel empezounos a dicir factores que influían nos lanzamentos dos que nos non nos deramos conta. Por exemplo: altura, inclinación, forza do lanzamento, peso dos avións.. pero nos topamos solucións. Consequimos que todos os avións foran lanzados dende a mesma altura, coa mesma inclinación e coa mesma forza de lanzamento.

PROPÓSITO:

O noso propósito con este traballo é ver que avión ten a mellor forma para voar.

PROCEDEMENTO:

1. Comezamos buscando modelos de avións en internet para facer.
2. Fixemos os avións de papel e puxémoslle o nome para distinguilos e traballar con propiedade.
3. Argallamos unha catapulta para lanzar os avións todos do mesmo xeito e ca mesma forza e altura.
4. Puxémonos a experimentar e a recoller datos dos lanzamentos realizados

*tivemos en a lonxitude á que chegaron e se presentaron algunha desviación.

MATERIAL:

- Folios A4, para facer os avións de papel
- Cartón e gomas elásticas, para facer a nosa catapulta
- Varilla soporte e pinzas, para poder por a catapulta nunha posición fixa.

CONCLUSIÓN:

Aínda estamos experimentando e traballando cos datos obtidos, xa vos contaremos.

WEBGRAFÍA:

A páxina da que obtivemos os modelos dos avións de papel é:

<https://avioncitosdepapel.com/modelos.php>